

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1395, xaneiro, 26  
*venda*

480

*Costanza Iáñez véndelles a Xoán de Santomé e á súa muller, Inés Estévez, o foro de 3 libras que lle pagan sobre unha viña en Bouza de Ramiro, por 80 mrs.*

ACOu, Clérigos do Coro, 85

Anno do nacemento do noso señor Jhesu Cristo de mill e tresentos e noventa e cinco annos, viinte e seys dias do mes de janeyro. Sabean quantos esta carta viren *que* eu Costança Anes moradeyra en Ourense enna rua dos Çapateiros, moller de Fernan Garçia ourives *que* foy, por min e por toda miña vos vendo e logo *por* esta presente carta entrego a vos Johan Peres de Santome morador enna dita vila d'Ourense enna rua da Corredoyra e a vosa moller Eynes Estevees e a toda vosa vos *para* senpre tres libras de diñeiros brancos *que* me vos o dito Johan Peres aviades a dar de foro cada anno en salvo *por* huun leyro de viña *que* vos eu aforey e a toda vosa vos *para* senpre, o qual leyro de viña está en Bouço de Ramyro, o qual está danbas yllargas ontre duas viñas de Roy do Pe clerigo e en fondo topa enno rigueiro e en çima entesta no camiño publico *que* vay d'Ourense *para* a Granja. Vendo vos as ditas tres libras e o dito leyro de viña *por* *que* mas aviades de dar de foro cada anno asy *que* vos e toda vosa vos *que* o aiades *daqui* endeante *para* senpre de disimo a deus e livre e quite de todo outro embargo, et *que* façades delo toda vosa livre voentade e o *que* vos aprouver commo de vosa coussa propia. Ca outorgo e con nosco *que* recebi de vos ben e *conpridamente* todo o preço *que* a min e a vos aprouvo de me por elo dardes, *conven* a saber oyteenta mor. de diñeiros brancos de des diñeiros o mor., os quaes ey ia de vos et recebo en min e *que* ue pasaron de miña mao aa vosa e da vosa a miña en diñeiros feitos en presenza do notario et das tests. adeante escriptas, onde me outorgo por entrega e ben pagada. Et todo jur, dereito, señorio, posison, propiedade, vos e auçon *que* eu ey e de dereito me perteençe nas ditas tres libras e enno dito leyro de viña *por* *que* mas avedes a dar, todo o tollo e remo[vo] de min e de toda miña vos e poño en vos o dito Johan Peres e enna dita vosa moller Eynes Estevees e en toda vosa vos *para* senpre *por* esta presente carta. Et se agora as ditas tres libras *que* vos vendo commo dito he mays valen ou valueren *daqui* endeante ca este preço *que* me por elas dades, esta maioría vos dou en doaçon por moyta ajuda e prestança *que* me fezeistes e de vos recebi, *que* val mais e he moyto mellor ca esto *que* vos dou en doaçon commo dito he. Et obrigo todos meus beens gaañados e por gaañar *para* vos e toda vosa vos seerdes senpre anparados e defesos a dereito con esto *que* vos vendo commo dito he. Et demais *quero* e outorgo *que* quen quer da miña parte ou da estraya *que* vos contra esta carta e venda *que* vos eu faço *qui* ser pasar peyte a vos ou a vosa vos por nomme de penna çen mor. de diñeiros brancos et a dita pena pagada ou non esta carta e venda fique firme e valla *para* senpre. Feyta a carta en Ourense nos dias e era sobre ditos. Testemuyas *que* a esto foron presentes Roy Peres de Moreda e Afonso Peres de Moreda seu yrmao moradores no dito lugar de Moreda *que* he no couto de Canaval e Johan Anes de Santa Ougea morador en casa do dito Johan de Santome.

Et eu Fernan Gonçalves notario publico da çidade d'Ourense porlo bispo e porla igeia dese lugar *que* a esto presente foy e o escripvi e meu nomme e signal y puge en testemoyo de verdade *que* tal he.

(*senal*)

[*reverso*] Escripturas dos clérigos do coro  
duas viñas *que* lles dou Ares tendeiro por ...